

**Acordos da Comisión Permanente correspondentes á sesión ordinaria
celebrada o 26 de febreiro de 2019**

1.- Nomear os seguintes representantes das áreas no Tribunal de Fin de Carreira das titulacións de Grao en Arquitectura e Mestrado en Arquitectura:

Urbanismo: Juan Creus Andrade

Proxectos: Jorge Meijide Tomás / Andrés Fernández-Albalat Ruíz

Construción: José Ramón Garitaonandía de Vera

Estruturas: Francisco J. Estévez Cimadevila

2.- Informar favorablemente as seguintes solicitudes presentadas para a convocatoria de axudas da UDC para a celebración de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias 2019:

- Bauhaus 1919-2019. Arte e Arquitectura, unha nova tradición
- Seis olladas de preto. Décima panomámica da arquitectura na proximidade
- Egresados ETSAC: Experiencias Internacionais

constatando que os contidos das actividades proxectadas complementan e non se sobrepoñen con ningunha actividade de ensino regrado do título propio impartido e é acorde coa visión e misión da UDC.

3.- Informar favorablemente as solicitudes presentadas á actual convocatoria para profesorado contratado temporal e funcionario interino: Patricia Alonso Alonso, Santiago Barge Ferreiros, Juan Antonio Caridad Graña, Mario Di Felice Vázquez, Pablo Gallego Picard, Cristina García Fontán, Emma López Bahut, Isaac López César, José Carlos Martínez González, Luz Paz Agras, Óscar Pedrós Fernández, Yolanda Pérez Sánchez, Santiago Pintos Pena, Juan Ignacio Prieto López, Antonio S. Río Vázquez, Jorge Rodríguez Álvarez, Enrique Rodríguez García, Félix Suárez Riestra.

4.- Propoñer que unha das aulas do centro leve o nome da profesora Rosa María Fernández Esteller.

5.- Aprobar o comunicado que se achega anexo, con motivo do 8-M, Día Internacional das Mulleres.

Comunicado da Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña (ETSAC) con motivo do 8-M, Día Internacional das Mulleres

O próximo 8 de Marzo conmemórase o Día Internacional das Mulleres, con este motivo a Comisión Permanente da ETSAC desexa facer público o seu compromiso coa igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Esta igualdade real e efectiva, na sociedade en xeral, pero tamén no ámbito universitario, é unha necesidade aprémante e unha exigencia do sentido común.

As universidades, como motor da sociedade, temos a obriga de transmitir ao noso alumnado o valor da igualdade entre homes e mulleres, de promover os cambios estruturais para que esa igualdade se consiga; así como de loitar contra calquera mínimo retroceso na liberdade das mulleres; máxime cando desde distintos ámbitos políticos e sociais se están a cuestionar os dereitos que, con tanto esforzo, temos acadado.

Pero na universidade incluso debemos mirar cara dentro, cara os nosos departamentos, centros e facultades pois aínda queda moito por facer para non ter que falar da segregación vertical ou do teito de cristal, na carreira académica e profesional das mulleres, ou de como reforzamos os estereotipos de xénero na nosa docencia ou investigación; estereotipos que, ademais, favorecen ese desequilibrio de xénero que vemos nas nosas aulas. E debemos, tamén, reflexionar sobre os problemas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar ou da violencia de xénero que, por suposto, aínda se dá na universidade. Temos o convencemento de que todo isto se conseguirá cando a variable de ser muller e home deixe de explicar ou arrojar diferencias significativas no académico e na comunidade universitaria.

A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña quere contribuír a incorporación da perspectiva de xénero en todos os ámbitos da universidade difundindo e animando a participar ao profesorado, estudantado e PAS nos actos que durante todo o mes de marzo está a organizar a Oficina de Igualdade de Xénero.

En consecuencia, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña comprométese a tomar as medidas oportunas para loitar pola igualdade real, fidedigna e tanxible dentro da comunidade universitaria e da sociedade en xeral. Unha desas primeiras medidas é a de facilitar o dereito a secundar a folga do 8 de Marzo, convocada a nivel nacional, dentro do marco normativo e coas garantías que marca a nosa Constitución.